

CADRO DE CARACTERÍSTICAS

Entidade contratante	GAC SEO FISTERRA RIA MUROS NOIA
Adxudicación	Procedemento aberto con multiplicidade de criterios
Obxecto	O obxecto do contrato é a asistencia técnica a Asociación Grupo Acción Costeira Seo Fisterra Ría Muros Noia para a realización dun Estudio de viabilidade para a mellora da comercialización dos produtos pesqueiros na zona de influencia do GAC 4.
Traballos a realizar	.Os traballos a realizar pola empresa adxudicataria contemplarán as seguintes fases: FASE DE ANÁLISE -Identificación das potencialidades en materia de valorización e comercialización das capturas FASE DE DIAGNÓSTICO -Proposta de medidas para o desenvolvemento das mesmas FASE DE CONCEPTUALIZACIÓN -Análise de viabilidade da posta en marcha das distintas propostas O estudo, deseños e calquera produto resultante da execución do contrato serán propiedade da Asociación Grupo Acción Costeira Seo Fisterra Ría Muros-Noia e deberán publicitar os organismos financiadores do proxecto
Contido das propostas	O contido das propostas a presentar polas empresas licitantes deberá adecuarse o seguinte esquema: Introdución: Antecedentes e visión global do proxecto Obxectivo do proxecto Alcance dos traballos Proposta técnica Calendario Equipo de traballo, organización e historial profesional
Prazo de execución	Seis meses, a contar dende o día seguinte á sinatura do contrato.
Orzamento de licitación	Orzamento sen IVE:84.745,46€ IVE: 15.254,24€ .Os gastos de publicación dos anuncios serán por conta do adxudicatario.
Criterios de adxudicación	Para a selección da proposta adxudicataria teranse en conta os seguintes criterios de valoración cun máximo de 100 puntos. Criterios non avaliados de forma automática:70 puntos -Metodoloxía e coherencia técnica da oferta -Consistencia da proposta no territorio. -Experiencia do equipo humano que levará a cabo o traballo en proxectos ligados o sector pesqueiro e a comercialización dos seus produtos, e coñecemento por parte do mesmo do sector pesqueiro e marisqueiro do territorio do GAC4. -Experiencia no desenvolvemento de propostas de comercialización

	<p>As distintas empresas deberán expoñer oralmente a súa proposta técnica á comisión de selección constituída polos representantes das oito confrarías do territorio, e os representantes da Asociación de Mexilloeiros de Muros Esteiro e a Asociación de Produtores Mexilloeiros da Ría de Muros e Noia</p> <p>Criterios avaliados de forma automática:30 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> -Oferta económica (30 puntos): calcularase coa seguinte fórmula $\text{Puntos oferta} = 30 \times 1 - \frac{(\text{oferta} - \text{oferta máis baixa}) \times 2}{\text{oferta máis baixa}}$ <p>Consideraranse temerarias aquelas ofertas que sexan máis dun 10% inferiores á media de todas as ofertas recibidas.</p>
Pagamento	<p>30% do importe á conformidade do plan de traballo presentado polo adxudicatario.</p> <p>Resto á entrega do traballo.</p>
Presentación de ofertas	<p>-Prazo: rematará o prazo de presentación de propostas ás 14:00 horas do día 8 de Setembro do 2010.</p> <p>-Lugar: na oficina do Grupo Acción Costeira Seo Fisterra Ría Muros Noia sita en Noia (Malecón de Gasset 14, baixo Tfno 981 822 754)</p>



PREGO DE CONDICIÓN XURÍDICAS QUE REXERÁN NO CONCURSO POLO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A ADXUDICACIÓN DE CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA

1.- Xustificación.

O Grupo de Acción Costeira Seo Fisterra Ría Muros Noia, en diante GAC 4, ten entre os seus fins os descritos no artigo 44 do Regulamento 1198/2006 do Consello do 27 de xullo de 2006 relativo ao Fondo Europeo de Pesca e, de xeito particular, nos seus Estatutos.

Este prego elabórase en virtude do convenio de colaboración asinado o 11 de agosto de 2009 entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e o Grupo de Acción Costeira Seo Fisterra Ría Muros Noia para a zona pesqueira número 4 concellos de: Fisterra, Corcubión, Cee, Dumbría, Carnota; Muros, Outes, Noia e Porto do Son, para a aplicación do Plan Estratéxico Zonal (PEZ) no marco do eixo 4 do Fondo Europeo de Pesca 2007-2013.

O GAC 4, ten entre as súas funcións, difundir, sensibilizar e dinamizar as accións previstas no Plan Estratéxico Zonal onde se define a posibilidade de establecer unha plataforma de comercialización de produtos pesqueiros no territorio do GAC 4.

En consecuencia, é vontade do GAC Seo Fisterra Ría Muros Noia elaborar un estudo de viabilidade de onde se poidan extrapolar as mellores opcións para a comercialización dos produtos pesqueiros do GAC 4 na súa zona de influencia.

2.- Obxecto do contrato.

O obxecto do contrato é a prestación dos servizos de consultoría e asistencia e dos Servizos indicados no Cadro de Características do Contrato.

3.- Prezo do contrato.

O importe do contrato será o que resulte da adxudicación deste.

A estes efectos o orzamento aprobado é o que figura na primeira páxina do presente Prego, no Cadro de características do Contrato.

Entenderase que o orzamento ofertado inclúe o Imposto sobre o Valor Engadido, referido ao tipo vixente na data de subscrición da proposición económica.

4.- Prazo de execución dos traballos.

O prazo de execución dos traballos ven indicado no Cadro de Características.

O prazo de execución dos traballos e os prazos parciais serán os que se fixen na aprobación do Programa de Traballo; ditos prazos comezarán a contar a partires do día seguinte ao da sinatura do contrato.

5.- Licitadores.

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar e adecuación da súa actividade ou finalidade ao obxecto do contrato, non estean incurso en ningunha das causas de prohibición de contratar establecidas no artigo 49 da Lei de Contratos do Sector Público na data de conclusión do prazo de presentación de proposicións. Tampouco poderán estar incurso en tal situación cando se proceda a adxudicación definitiva do contrato.

A proba pola parte dos empresarios da súa capacidade para contratar coa entidade colaboradora poderá realizarse mediante declaración responsable na que o licitador ou o seu representante deixe constancia de tal requisito.

A proba de capacidade das empresas efectuarase mediante escritura de constitución ou modificación inscrita no Rexistro Mercantil cando este requisito fose esixido pola lexislación mercantil aplicable. De non selo, a acreditación da capacidade realizarase mediante escritura ou documento de constitución, estatutos ou acta fundacional inscritos, de ser o caso, no Rexistro oficial correspondente.

Respecto dos licitadores non españois, de estados membros da Comunidade Europea, estarase ó disposto nos artigos 47,55.1,61.2,62.2 e 73 da Lei de Contratos do Sector Público e no artigo 9 do Regulamento Xeral.

Respecto dos licitadores estranxeiros non comunitarios estarase ao disposto nos artigos 44 e 61.3 da Lei de contratos do Sector Público e no artigo 10 do Regulamento Xeral.

Cando dúas ou máis empresas presenten unha oferta conxunta á licitación, acreditarán toda a súa capacidade de obrar, sen que sexa necesaria a formalización da unión de empresarios ata que se efectúe a adxudicación ao seu favor. Os empresarios quedarán obrigados solidariamente, e deberán nomear un representante ou apoderado único. A duración da unión temporal de empresarios coincidirá coa do contrato ata a súa extinción.

6.- Clasificación e Solvencia.

A xustificación da solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse mediante a presentación das Contas Anuais debidamente rexistradas, informes de institucións financeiras ou xustificante do seguro de indemnización por riscos profesionais. As empresas non obrigadas a presentar as contas en rexistros oficiais, poderán achegar como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

A solvencia técnica do empresario poderá ser xustificada polos medios seguintes:

- Currículo da empresa e da experiencia técnica e profesional.
- Relación e currículo profesional das persoas vinculadas ó obxecto do contrato.
- Relación dos principais servizos e traballos realizados nos últimos tres anos

7.- Presentación de Proposicións.

7.1 Forma e Prazo

Toda a documentación que presenten os licitadores para participar nesta contratación deberá estar asinada polo licitador ou, se é o caso, polo representante legal da entidade.

Os licitadores presentarán tres sobres pechados, identificados coas letras “A”, “B” e “C”, asinados polo licitador ou pola persoa que o represente e nos que se fará constar o nome e apelidos ou a razón social do licitador. Estes sobres conterán, de acordo co artigo 130 da LCSP, os documentos que se relacionan nas cláusulas 7.2 e 7.3 deste prego.

No interior de cada un dos sobres figurará unha folla na que se fará constar o contido de cada un deles.

A presentación de proposicións presume por parte do empresario a aceptación incondicional das Cláusulas deste prego.

Deberán presentarse orixinais, copias auténticas ou fotocopias regulamentariamente compulsadas de todos os documentos requiridos.

A oficina de rexistro receptora entregalle a quen presente a oferta, a documentación que acredite que a dita oferta foi presentada dentro do prazo establecido.

As proposicións presentaranse no lugar e dentro do prazo sinalado no anuncio publicado ou enviaranse por correo dentro do prazo de admisión indicado, xustificando a data de imposición do envío anunciándoo ao órgano de contratación mediante Fax ou telegrama remitido antes do remate do prazo de admisión de propostas.

7.2 Documentación Xeral –Sobre A

CONTIDO:

I) Solvencia económica e financeira, e técnica.

A solvencia económica e financeira e a solvencia técnica poderán acreditarse por calquera dos medios previstos nos parágrafos anteriores.

II) Presentará ademais a documentación seguinte:

a) O documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario, mediante a presentación- se a empresa fose persoa xurídica da escritura de constitución ou modificación, se é o caso, debidamente inscrita no rexistro mercantil cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fose, mediante a presentación da escritura ou documento de constitución e de modificación, se é o caso, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

b) No caso de empresas individuais, copia compulsada do Documento Nacional de Identidade, ou do que, se é o caso, o substitúa regulamentariamente.

c) Cando dúas ou máis empresas presenten oferta conxunta de licitación, cada unha acreditará a súa personalidade e capacidade debendo indicar os

nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada unha delas e designar un representante ou apoderado único que ostente a plena representación de todos fronte á entidade colaboradora.

d) Os que comparezan ou asinen proposicións en nome de outro deberán acreditar a representación mediante poder notarial que deixe constancia fidedigna da devandita representación. Así mesmo, a persoa con poder bastante a efectos de representación deberá acompañar copia compulsada do documento Nacional de Identidade.

e) Declaración responsable de non estar incurso o licitador en ningún dos supostos de prohibición para contratar previstos na lei de contratos do sector público.

f) Certificación acreditativa de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal, de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, e de encontrarse ó día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social.

g) No caso de esixirse clasificación, os empresarios non españois de Estados Membros da Comunidade Europea que non estean clasificados, será suficiente que acrediten a súa capacidade financeira, económica e técnica por calquera dos medios descritos.

Os contratistas non españois de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións correspondentes.

h) Os contratistas de Estados non membros da Comunidade Europea e dos asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo, acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a presentación dos seguintes documentos:

- Informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.
- Informe da representación diplomática española sobre a condición de estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade.

7.2 Aspectos non avaliados de forma automática –Sobre B

CONTIDO:

Neste sobre incluírase a documentación referida aos criterios de adxudicación sinalados no cadro de características que non poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidas a través da mera aplicación das fórmulas sinaladas no dito apartado.

Tamén incluírá toda aquela documentación que o licitador estime oportuna para ilustrar e facer máis comprensiva a súa proposición como poden ser catálogos fotografías ou informes de produtos.

O licitador definirá as medidas que propón para controlar e garantir, pola súa parte, a calidade dos traballos en caso de ser adxudicatario.

Para iso deberá achegar os datos seguintes:

- - Medidas implantadas na empresa para asegurar a calidade dos seus traballos.
- - Descrición dos aspectos máis significativos do plan de calidade, que o licitador propón para o presente contrato.

7.3 Oferta económica e outros aspectos avaliáveis de forma automática Sobre C

CONTIDO:

Neste sobre incluírase a documentación referida aos criterios de adxudicación sinalados no cadro de características que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidas a través da mera aplicación das fórmulas sinaladas no dito apartado.

a) Proposición Económica.

Axustarase o modelo de oferta económica que figura no anexo 1. Presentarase escrita a máquina e non se aceptarán aquelas que teñan omisións, erros ou borranchos que impidan coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar a oferta.

Cada licitador presentará unha soa oferta.

Non se admitirán as ofertas de contía superior o orzamento que figura no cadro de características.

8.- Valoración das ofertas.

O equipo técnico do Grupo examinará previamente a documentación xeral (Sobre A) correspondente aos licitadores e se como resultado da cualificación dos documentos, observa defectos materiais susceptibles de emendar, procederá á súa notificación por Fax ou e-mail ó interesado, concedendo un prazo de dous días hábiles para a súa emenda.

Seguidamente, abrirá os Sobres Nº 2 e Nº 3 e unha vez analizado o seu contido, **valorará provisionalmente** as distintas ofertas presentadas de acordo cos criterios de valoración sinalados no presente prego. Para a valoración das proposicións, poderanse solicitar cantos informes técnicos se estimen oportunos e, en todo caso terase en conta a mellor relación entre a oferta económica e calidade da proposta realizada.

A non presentación dos documentos esixidos ou a presentación dos mesmos en forma distinta á requirida dará lugar a non admisión da proposición.

9.- Constitución e funcionamento da Comisión de Selección.

Unha vez analizadas tódalas ofertas por parte do equipo técnico do Grupo, os distintos licitadores expoñerán a súa proposta á comisión de selección tal e como se propón no cadro de características notificándose o lugar e a data da súa exposición con tres días de antelación.

Dita comisión estará constituída pola mesa sectorial do sector pesqueiro (composta polos representantes das oito confrarías do territorio, e os representantes das Asociacións de Mexilloeiros de Muros Esteiro, e a Asociación de Produtores Mexilloeiros da Ría de Muros e Noia). Esta comisión de seguimento quedará válidamente constituída coa presenza da metade dos seus membros.

A comisión de selección elexirá aquela oferta que presente mellor relación entre a proposición e a calidade da proposta realizada e elevará dita proposta á Xunta Directiva do Grupo de Acción Costeira incluíndo a ponderación dos criterios indicados no presente prego.

10.- Adxudicación.

Á vista da proposta elevada pola comisión de selección, a Xunta Directiva do GAC4, no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de admisión de propostas, procederá a adxudicación do contrato sen prexuízo de motivar a súa decisión no caso de que esta se aparte da proposta da Comisión de Selección.

O Grupo se reserva o dereito de declarar deserto o concurso en caso de non presentarse ofertas adecuadas. No prazo dos sete días seguintes a adopción deste acordo, notificaráselle a resolución deste Órgano ós distintos licitadores.

11.- Documentación.

Antes da formalización do contrato, o adxudicatario deberá achegar ante o Órgano de Contratación, e sempre que esta non estivese incluída na presentada para a licitación, a seguinte documentación:

1º. Xustificante do pagamento dos anuncios publicados.

2º Orixinal ou copia debidamente autenticadas do poder notarial e do D.N.I. da persoa facultada para a sinatura do contrato

3º. No caso de empresas agrupadas, deberán acreditar ademais ante o órgano de contratación, caso de adxudicación do contrato, a constitución da agrupación e máis o C.I.F. desta.

12.- Documento de formalización.

O adxudicatario queda obrigado a subscribir o contrato dentro do prazo de tinta (30) días naturais, contados dende o seguinte á data de notificación da adxudicación, o correspondente documento de formalización do contrato.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista sendo ó seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

O Prego de Condicións Técnicas revestirá carácter contractual polo que deberá ser asinado, en proba de conformidade polo adxudicatario, simultaneamente á formalización do contrato.

13.- Aboamentos ao contratista.

O contratista terá dereito ó aboamento da prestación realizada nos termos establecidos no contrato.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a precisa para executar os traballos no prazo ou prazos contractuais, agás que a xuízo da dirección dos traballos, existisen razóns para estimalo inconveniente.

Nembargantes, non terá dereito a percibir en cada ano, calquera que sexa o importe executado ou das certificacións expedidas, maior cantidade que a consignada para cada exercicio.

- Obrigas laborais e sociais.

O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes na materia laboral, de Seguridade Social e Prevención de Riscos Laborais.

A empresa adxudicataria designará a un responsable do proxecto, que será o interlocutor co GAC 4

- Cumprimento do prazo e penalidades por mora.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro de prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

Caso de excederse o prazo fixado polo licitador na súa proposta e por causa imputable a este, penalizárase cun 0,5% do importe da adxudicación por cada día que supere o prazo de execución fixado.

14.- Gastos esixibles ao Contratista.

Son de conta do Contratista, os gastos que puidesen orixinarse da formalización do contrato, así coma:

- Os que se requiran para a obtención de autorizacións, licencias, documentos, ou calquera información de organismos oficiais ou particulares.
- Os correspondentes a probas, ensaios de materiais, prospeccións xeofísicas e, en xeral, de cantos traballos ou informes sexan necesarios para o cumprimento dos fins do estudo ou servizo e para a súa comprobación.
- Os impostos, dereitos, taxas, compensacións e demais gravames ou gastos que resulten de aplicación segundo as disposicións vixentes, na forma e contía que estas sinalen.
- Calquera outros gastos necesarios para a realización do contrato.

15.- Dirección dos Traballos.

O Gac 4, a través da dirección dos traballos, levará a cabo a comprobación, coordinación e vixilancia para a completa realización da consultoría e asistencia ou do servizo.

A persoa responsable da coordinación dos traballos será a Xerente do GAC 4. Para que a dirección dos traballos responda aos interese do sector pesqueiro, coincidindo co inicio dos traballos, o GAC designará unha comisión de seguimento (con carácter unicamente informativo) que estará composta por alúmenos nun 60% por representantes deste sector.

A finalidade desta comisión é a de estar periodicamente informada do desenvolvemento do traballo e en especial de aquelas partes do mesmo que impliquen tomas de decisión.

As decisións adoptadas por esta comisión teñen como fin orientar o traballo da empresa adxudicataria. A aceptación e conformidade coa totalidade do traballo corresponde á Xunta Directiva.

16.- Programa de traballo.

O contratista está obrigado a presentar un programa de traballos no prazo de (5) días a contar dende a notificación da adxudicación definitiva.

Cada vez que se modifiquen as condicións contractuais, o contratista queda obrigado á actualización e posta ó día deste Programa, seguindo as instrucións que, a estes efectos reciba.

Se a entidade colaboradora acordase a suspensión dos traballos, procederase a levantar unha acta na que se consignará as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución do contrato. O órgano de contratación aboará ó contratista os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase, de acordo cos termos deste e á satisfacción da parte contratante a totalidade do seu obxecto.

17.- Recepción.

A Xunta Directiva do Gac4 determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, requirindo, no seu caso, a realización das prestacións contratadas e a subsanación dos defectos observados con ocasión da súa recepción. Se os traballos efectuados non se adecúan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ó contratista, poderá rexeita-la mesmo quedando exento da obriga de pagamento ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

Muros a 28 de Xullo do 2010

O Presidente do Grupo de Acción Costeira Seo Fisterra Ría Muros Noia
D. Tomás Fajardo da Costa.



ANEXO1

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONOMICA

Don _____, con domicilio en _____, provincia de _____, rúa _____ número _____ e D.N.I. número _____, en nome (propio), ou (da Empresa que representa) _____ con C.I.F. _____, enterado do anuncio publicado no _____ do día _____ de _____ de _____ e das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación dos traballos _____ provincia de _____ comprométese a tomar ó seu cargo a execución dos mesmos, con estricta suxeición aos expresados requisitos e condicións, pola cantidade que se enumera de seguido:

PRAZO EXECUCIÓN	
-----------------	--

CANTIDADE EN LETRA	IVE 18 %	TOTAL

A todos os efectos, a presente oferta comprende non só prezo do contrato como tal, senón tamén do Imposto sobre o Valor Engadido, a teor do disposto na lexislación vixente.

_____, a _____ de _____ de 2010
(Data e Sinatura do proponente)